

CULTURAS

CREACIÓN • ARTES PLÁSTICAS • MÚSICAS • LITERATURA • CINE • TEATRO • POESÍA • FOTOGRAFÍA • DANZAS • VIDEO • IDEAS

A ESCRITA

ARTURO LEZCANO

Un romance de dentro a fóra

Sorprendente novela, das que non abundan na nosa literatura, é **Adeus India, adeus (Ir Indo. Narrativa)**, de Xosé Manuel Villanueva. Trátase do seu primeiro romance mais detrás está un dilatado labor cinematográfico, só na xusta medida, e non, como se podería pensar, presidindo a sua fonda e perlongada incursión literaria.

As aparencias só son iso cando hai algo que as trascende para chegar ao espírito, ou sexa, para establecer un reaxir estético en moitos.

«Adeus India, adeus» podería ser acollida, se cadra, como un fluído exercicio narrativo, ben plantexado, ben desenvolvido, ben resolto. Non sería pouco, porén parécenos que propón máis dabondo. Quizá suceda que, desde o punto de vista do «tempo», o romance de Villanueva gaña en intensidade o que perde en concentración. Haberá sen dúbida discrepancias sobre a extensión, por enriba das cincocentas páxinas, un decurso fluvial non habitual nas nosas letras.

Esta impresión de primeiro non é xusta e non fura a epiderme. Só se comprendermos a liña da obra poderemos entender que a lonxitude ven imposta pola sua verdadeira natureza. Malia a faciana, «Adeus India...» é un romance de dentro a fóra, mais coa virtualidade imprescindible de se artellar cos feitos, sen ideas preconcebidas nen digresións discursivas, agás certo regusto cultista nalgunhas transcripcións poéticas, polo demáis non forzadas, en particular os definitivos Sonetos de Shakespeare.

O importante desta novela –aínda que ha interesar a moita xente– non é o paraíso perdido dos mozos da transición e a «ruptura pactada» a escala colectiva e non embargantes tamén individual, senón a atemporalidade das persoas e das suas paixóns. O mellor da escrita do Villanueva é a gravitación arredor do que non está escrito, expreso, como en toda auténtica manifestación artística. Por exemplo a pasaxe da partida de poker e, sobretudo, o desenlace da pira funeraria da cadela.

Non debería, coidamos, deterse aquí no seu novo vieiro.